

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://n9.cl/f8i9i		
Data:	07/10/2025	Hora:	21:00 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela		X
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (02-09-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 02/10/2025.

2. Convenios Xunta

Toma a palabra Sonia, quen procede a facer unha breve descrición dos diferentes convenios asinados entre a Xunta de Galicia e a FEGADO, detallando o estado actual de execución de cada un deles, así como as contías económicas percibidas ata o momento.

3. Seleccións 2025

Intervén Sonia para indicar que as vogalías de O-Pé e MTBO deben achegar ao tesoureiro da FEGADO unha listaxe coas persoas deportistas de alto nivel ás que corresponde efectuar o pagamento pola súa participación en probas de selección, adestramentos internacionais e outras actividades similares. Para tal fin, cada unha das vogalías deberá solicitar aos deportistas o Proxecto Deportivo que cada un deles presentou á FEDO, co obxectivo de dispoñer da documentación necesaria para a xustificación dos pagamentos.

4. Trofeos Liga Galega 2025

Intervén Sonia para valorar a posibilidade de que, neste ano, do mesmo xeito que se fixo o ano pasado, se entreguen como trofeos da Liga Galega unha medalla metálica e un diploma ás tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría. Despois dunha valoración xeral por parte dos membros da Xunta Directiva, acórdase que se continúe entregando ambos os dous recoñecementos.

5. Equipación CESAR

Intervén Sonia para indicar que aos equipos seleccionados para o CESAR, que terá lugar os días 1 e 2 de novembro de 2025 en Jarandilla de la Vera (Extremadura), se lles fará entrega dunha camiseta da FEGADO para a súa representación na proba.

A continuación, intervén Adrián, como portavoz da área de Raids, para comunicar que aos dous equipos veteranos e aos dous equipos absolutos seleccionados se lles concederá unha axuda económica destinada a dietas e desprazamentos.

Aproveitando este apartado, intervén Claudia para indicar que o seu club, Gallaecia Raid, ten previsto organizar un adestramento de Raid o sábado 25 de outubro, existindo a posibilidade de abrilo a todas as persoas federadas como proba preparatoria de cara ao CESAR.

A proposta é ben acollida tanto por Jorge, como director técnico da FEGADO, como por Adrián, vogal de Raids.

6. CESA 2026

Intervén Sonia para informar de que os días 20 e 21 de xuño de 2026 terá lugar o CESA. Indica que, debido aos altos custos dos aloxamentos, as persoas seleccionadas deberán durmir en solo duro, e que o traslado se realizará en autobús organizado pola Federación galega.

7. Rogos e preguntas

Toma a palabra Sonia para aclarar tres aspectos que non figuraban na orde do día desta xuntanza:

1. En primeiro lugar, indica que a Federación Portuguesa de Orientación xa lle fixo chegar á FEGADO diferentes propostas de probas para a Liga Transfronteiriza 2026, polo que será necesario manter unha reunión entre ambas as dúas federacións co fin de barallar distintos lugares para a súa celebración, tendo en conta que o calendario galego de probas do vindeiro ano aínda está pendente de aprobación.
2. En segundo lugar, sinala que durante a primeira semana de outubro deberán publicarse as axudas económicas correspondentes ao ano 2025, destinadas ao deseño de novos mapas e/ou actualización de existentes.
3. Por último, engade que o xoves 9 de outubro asistirá a unha reunión da UFEDEGA (Unión de Federacións Deportivas Galegas), na que se abordará a proposta da Xunta de Galicia para establecer un límite máximo de tres legislaturas nos mandatos das presidencias das federacións galegas.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 22:36 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.